

## Actuacións do Servizo de Medio Ambiente asociados aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).- 2020

### Subvencións

- **Subvencións dirixidas ás Confrarías de pescadoras e pescadores, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o ano 2020**

Financiamento para proxectos ou actuacións que teñan como obxecto a comercialización e valorización das producións, a formación técnica e asesoramento, divulgación e posta en uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e do aforro enerxético, material para a vixilancia das producións, construcións, equipamentos, instalacións, reparacións en edificios, mantemento dos locais das confrarías e lonxas, e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados ás súas persoas asociadas, así como gastos de persoal.



- **Subvencións dirixidas ás Cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o ano 2020**

Financiamento de proxectos destinados á recuperación e posta en valor dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto os seguintes: a comercialización, transformación e valorización das producións, a formación técnica e o asesoramento para o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación tecnolóxica, a posta en uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e do aforro enerxético, investimentos para mellorar os servizos prestados pola cooperativa (axudas para a adquisición de terreos para o aumento da base territorial das instalacións cooperativistas, axudas para investimentos en maquinaria agrícola, obras, construcións, equipamentos, instalacións, reparacións en edificios e accesos a estes, axudas para a adquisición de equipos e sistemas informáticos, mobiliario e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados por estas entidades).



- **Subvencións a concellos destinadas á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais 2018-2020**

Financiamento de proxectos destinados a creación de parques forestais que teñan como obxecto preservar, mellorar e destacar valores naturais (paisaxísticos, ambientais, edafolóxicos e forestais) e culturais (formacións arbóreas (carballeiras, soutos, fragas etc.), preservación de especies con valor ecolóxico, patrimonio: xacementos arqueolóxicos (castros, mámoas, petróglifos etc.), monumentos, lugares, conxuntos, tradicións, técnicas artesanais, entre outros), medidas fronte a incendios, diversificación de usos e zonas de uso e aproveitamento para a cidadanía, ben a través da redacción de proxectos ou ben a través da execución dos mesmos.



### Programas formativos

- **Sostibilidade enerxética para explotacións agrogandeiras na provincia de Pontevedra (Último trimestre do ano 2020)**

Realizar unha xestión máis eficiente das explotacións permitiralles aos gandeiros reducir os custos de produción e adaptarse aos niveis de competitividade que se están a dar actualmente no sector. É interesante que tanto agricultores como gandeiros, ademais doutros axentes do medio rural en xeral, coñezan de primeira man que ferramentas se poden implantar para avanzar cara unha visión máis ecoeficiente das actividades produtivas que desenvolven. Por iso, a formación é fundamental para crear conciencia de sostibilidade neste sector.

Desenvolvéranse 4 cursos de formación a distancia a través dunha plataforma en liña, cunha duración de 8oh, e nos que participarán 25 persoas por curso, e 3 cursos de formación mixta cunha duración de 8oh nos que tamén participarán 25 persoas por curso. Este tipo de formación inclúe unha parte presencial que consistiu nunha xornada a modo de obradoiro con expertos no sector, e unha parte a distancia a través dunha plataforma en liña. En total beneficiáronse 175 persoas.



## Estudos científicos

### - Conservación, manexo e uso da biodiversidade de variedades locais de cultivos galegos na provincia de Pontevedra (2020)

As variedades locais, ao contrario das variedades comerciais, caracterízanse por posuír unha enorme variabilidade ou diversidade xenética, o que fai que nelas podamos atopar os xenes de resistencia a determinadas pragas ou enfermidades e de adaptación ás condicións ambientais específicas, o que vai permitir unha mellor resistencia ás condicións climáticas adversas previstas nun escenario moi próximo de cambio climático.

Este estudo, levado a cabo polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e concretamente pola Misión Biolóxica de Galicia (MBG), a cal leva décadas realizando un importante esforzo na recuperación das variedades autóctonas galegas de numerosas variedades e cultivos que se perden debido ao abandono do medio rural e á introdución en paralelo de variedades comerciais, versa sobre a conservación das coleccións de cultivos tradicionais de brásicas, millo, leguminosas, vide e oliveira que se manteñen na MBG, todos eles cultivos de gran interese para Pontevedra e para toda Galicia, co fin de promover o aproveitamento das variedades tradicionais ou a diversificación de novas variedades. Por tanto, afronta a necesidade de incrementar a diversidade xenética dos cultivos mediante unha boa xestión e diversificación dos bancos de sementes que se manteñen na MBG, así como das coleccións de vide e oliveira existentes na leira experimental e nos invernadoiros da MBG.



### - Efecto dos microplásticos nas comunidades de macroinvertebrados en ríos da provincia de Pontevedra (2020)

A presenza de microplásticos en masas de auga manifestouse como un dos principais problemas ambientais nos últimos anos. Diversos estudos mostraron a súa aparición en organismos mariños e alertaron do risco da súa incorporación nas cadeas tróficas e a posible afección ao ser humano. Con todo, estes contaminantes non foron estudados tan en profundidade en augas correntes doceacuícolas na nosa rexión.

O interese de estudar a presenza de microplásticos nestes ambientes, investigación pioneira na comunidade galega, non só radica no seu impacto nestes ecosistemas doceacuícolas, senón

que tamén é a principal fonte de entrada destes contaminantes ao medio mariño e por tanto afecta gravemente os sectores produtivos marisqueiros.

Porén, o estudo levado a cabo pola Universidade de Vigo, concretamente na Facultade de Bioloxía, no ámbito da ecoloxía e bioloxía ambiental da provincia, aborda a problemática dos microplásticos a través de mostraxes nas comunidades acúaticas de macroinvertebrados, determinándoos a estes así como as variacións que experimentan na auga, na biota (especies seleccionadas consideradas como biomarcadores) e nos sedimentos dos ríos.



## Campañas

- **O bosque en centros escolares (Último trimestre do ano 2020)**

O obxectivo da campaña é comunicar, sensibilizar e concienciar ao estudantado da provincia de Pontevedra sobre os beneficios que aporta a conservación dos bosques e as materias primas que nos proporcionan, fomentando que as nenas e nenos valoren os produtos forestais e coñezan a incidencia que teñen os bosques na sociedade, creando conciencia de respecto e responsabilidade cara o mantemento e coidado dos bosques e valorar os produtos forestais como produtos naturais e renovables.

A campaña está formada por 28 obradoiros divulgativos en escolas da provincia de Pontevedra sobre a importancia da conservación dos bosques e os produtos que podemos aproveitar e obter da súa correcta xestión, con vídeos divulgativos sobre o ciclo da madeira e unha exposición itinerante para ceder aos espazos educativos sobre os bosques e os usos e produtos que se obteñen.



## - Cambio climático en centros escolares (Último trimestre do ano 2020)

O planeta atópase nunha situación fráxil, xa que o actual escenario de cambio global pode modificar os mecanismos básicos que permiten a vida na Terra. O cambio climático como parte dese escenario supón un dos problemas máis graves ós que se enfrenta a humanidade. O aumento da temperatura do planeta, cambio nos parámetros de precipitacións, o aumento do nivel do mar e o aumento da frecuencia dos fenómenos meteorolóxicos extremos (tormentas, secas, furacáns, etc.) están influíndo xa na agricultura, nas migracións, no turismo, na saúde e a medio prazo, porá en cuestión o noso modelo de vida, que terá que adaptarse as novas condicións climáticas, económicas e sociais.

Que se as persoas son parte do problema, serán, por tanto, parte da solución. É aquí onde as nenas e nenos teñen un papel fundamental, xa que serán as persoas encargadas de coidar e disfrutar do medio ambiente nun futuro próximo. Por iso, traballar dende a etapa infantil en temas de concienciación e ecoloxismo é unha aposta segura polo futuro.

O programa divulgativo consta de 25 obradoiros nos centros escolares da provincia de Pontevedra para concienciar e sensibilizar as nenas e nenos para que asuman un papel máis activo e un concurso "Como ves ti o cambio climático" entre o alumnado de 5º e 6º de primaria dos centros escolares da provincia de Pontevedra, en dúas modalidades:

- a. Debuxo: o alumnado participante deberá plasmar nun debuxo, feito a man, como entenden o cambio climático.
- b. Relato: o alumnado participante deberá presentar un breve relato, escrito a man, coa temática do cambio climático.



## Proxectos

### - Depofroitos. Cultivo de froitos do bosque ecolóxico (nov. 2019-set. 2020)

Proxecto presentado ao abeiro da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos do programa empleaverde cofinanciado polo fondo social europeo no 2019

O proxecto Depofroitos trata de impulsar a creación de plantacións de froitos do bosque ecolóxicos en terreos, sobre todo abandonados, e mellorar a capacitación e a profesionalización das persoas emprendedoras que queiran dedicarse a esta actividade.

Para iso, creouse un servizo de acompañamento específico para as empresas de nova creación relacionadas co cultivo de froitos do bosque, no que se tratou de asesorar e informar sobre diferentes aspectos como a tramitación de axudas e subvencións e a elaboración de plans de viabilidade técnica, económica e financeira, entre outros.

Ademais usáronse ferramentas innovadoras en liña para reforzar estas accións como un simulador de negocio sobre o cultivo e a comercialización de froitos do bosque.

Cada persoa destinataria do proxecto dispuxo ademais dun servizo de asesoría e consultoría gratuíto na modalidade en liña (correo-e, teléfono e WhatsApp) para que puidera consultar, preguntar, comentar... En definitiva, recibir o apoio necesario para que sexa máis fácil xestionar a creación e o mantemento da súa nova empresa relacionada co cultivo, a elaboración e transformación de froitos do bosque.



- **Depomar. A importancia do traballo das mulleres mariscadoras en contornas da rede natura 2000 (decembro 2020-outubro 2021)**

Aumentar a sensibilización ambiental e fomentar a conciencia ecolóxica entre diferentes sectores (pescadores e/ou mariscadoras/é, outros profesionais do mar, turistas, empresarios, etc.) e a cidadanía en xeral con respecto aos impactos antrópicos e a importancia da protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños en espazos Rede Natura 2000 e/ou outros espazos de protección ambiental no marco de actividades pesqueiras sustentables, como o marisqueo a pé, e coa participación activa e directa da muller mariscadora, para contribuír a un modelo de desenvolvemento económico sustentable e impulsar e aproveitar o patrimonio ambiental das zonas pesqueiras, reforzando, á súa vez, o liderado e empoderamento da muller profesional do mar.

O proxecto, a través de distintas accións de sensibilización/comunicación (código boas prácticas, produción audiovisual, campaña concienciación, xornada técnica) e participación activa de mariscadoras, poñerá en valor tradición marisqueira e traballo feminino, ENP Natura2000, dará a coñecer accións antrópicas que afectan ao medio e actividade extractiva, recoñecerá importancia do colectivo en protección/conservación de recursos naturais e ecosistemas en Rede Natura e hábitats costeiros de interese marisqueiro, visibilizará empoderamento e liderado de ♀, etc.




## Actividades

### - Voando nas Rías Baixas (xaneiro-setembro 2020)

Desde o ano 2018 a Deputación de Pontevedra leva desenvolvendo unhas rutas, en colaboración con SEO/BirdLife, cuxo obxectivo principal é contribuír a conservación e posta en valor dos recursos naturais, así como ao desenvolvemento turístico e económico sostible dos núcleos rurais en zonas de alto valor ecolóxico, a través da observación e o coñecemento das distintas especies de aves presentes nos mesmos. Ademais o coñecemento práctico do noso Patrimonio Natural, achega sensibilidade e conciencia ambiental o que se traduce en riqueza cultural.

Para levar a cabo estas excursións seleccionáronse cinco itinerarios que percorren zonas de alto valor ecolóxico, que na súa maioría contan con figuras de protección tan importantes como a Rede Natura 2000. Estes itinerarios son Complexo Intermareal Umia – O Grove, Esteiro do Miño (A Guarda) e Foz da Ramallosa (Nigrán), Brañas de Xestoso (Silleda, Forcarei e a Estrada), Enseada de San Simón (Redondela, Soutomaior, Pontevedra e Vilaboa) e Serra do Suído (A Lama, Fornelos de Montes e Covelo).



### - Bosques Terapéuticos (xullo-setembro 2020)

O obxectivo principal dos “Bosques Terapéuticos” é dar a coñecer cinco parques forestais (P. F. Cabo Udra (Bueu), P. F. Freza (Fornelos de Montes), P. F. Costa de Oia e Serra da Groba (Oia), P. F. A Picaraña (Ponteareas), P. F. Camposancos (A Guarda) seleccionados e experimentar, en primeira persoa, algúns dos principais beneficios que nos ofrecen estes espazos naturais desde o punto de vista físico, pero tamén emocional e social.

Estas visitas guiadas mesturan natureza, exercicio, cultura, historia e saúde; combínase unha ruta guiada interpretativa coa posta en valor dos beneficios recibidos desde o enfoque dos bosques terapéuticos. Tiveron lugar entre xullo e setembro de 2020, con seis visitas por cada parque forestal, e estaban destinadas ao público xeral, acadando unha participación de 450 persoas, cubrindo a totalidade das trinta actividades propostas.

Cada unha das rutas tivo un tema central deseñado especificamente para estas visitas, segundo as características e valores de cada espazo, sobre o que xirará toda a actividade, e contou cun



enfoque participativo, onde as persoas puideron sentirse integradas na actividade desde o primeiro momento. Fomentouse o uso dos sentidos favorecendo, por exemplo, a percepción de diversas texturas ou cheiros na natureza, sempre coa premisa da conservación e do escrupuloso respecto ás medidas sanitarias actuais.



- **Proxecto Libera, “1 m<sup>2</sup> pola natureza” (setembro-outubro 2020)**

“1 m<sup>2</sup> pola natureza” é a gran limpeza colaborativa anual a nivel nacional de LIBERA (proxecto iniciativa de SEO/BirdLife en alianza con ECOEMBES). Serve de eixe vertebrador de todas as asociacións, heroínas, heroes, entidades, empresas e, en definitiva, de todas as persoas concienciadas que queren unirse e tecer unha gran rede de colaboración para loitar unidas e unidos contra a basuraleza durante un día en centos de espazos naturais de toda España.

O obxectivo é liberar basuraleza destes espazos, pero tamén caracterizala mediante a aplicación dunha metodoloxía estandarizada e coa axuda de ferramentas de ciencia cidadá (aplicacións). A través delas pódese recompilar o maior número de datos posibles, rexistrados no “barómetro da basuraleza”. Esta información incorpórase ás bases de datos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para coñecer a cantidade, o volume e o tipo de lixo recollido nestas zonas.

A actividade consistiu na recollida de basuraleza na praia de Area da Cruz (O Grove), o 26 de setembro, e na praia de Nerga (Cangas), o 3 de outubro, durante aproximadamente 2 horas cada unha. Os grupos estiveron formados só por 10 persoas, debido ás restricións actuais por mor da COVID-19.



## Redes

### - Adhesión a Rede Española de Cidades polo Clima (RECC)

Desde principios do ano 2020, a Deputación de Pontevedra pertence á Rede española de cidades polo clima (RECC), instrumento de apoio que a FEMP ofrece aos gobernos locais para facer fronte ao cambio climático e a ferramenta para trasladar á escala local os obxectivos da política nacional neste ámbito. A rede elaborou proxectos, documentos técnicos e manuais para favorecer a aplicación de accións máis eficaces en diferentes campos, organizou congresos, seminarios, talleres e cursos para dar a coñecer os avances no coñecemento das causas e efectos do cambio climático, así como as actuacións de mitigación e adaptación que poidan aplicarse nas cidades.

A RECC ten como obxectivos aportar solucións e medidas que poidan implantar os concellos para frear o cambio climático e os seus efectos, traballando tamén na adaptación, dar apoio técnico aos gobernos locais para que alcancen os seus obxectivos de mitigación e adaptación ao cambio climático, promocionar as actuacións no cambio climático dos gobernos locais, colaborar en proxectos conxuntos cos municipios, actuar como foro de intercambio de experiencias e desenvolver accións de información e sensibilización.



### - Adhesión á Rede de entidades locais para o desenvolvemento dos ODS (REDODS)

A Rede de Entidades Locais para desenvolver os Obxectivos de Desenvolvemento Local da Axenda 2030 (REDODS) da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) está formada polos gobernos locais que se comprometen a implementar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 de forma transversal nas políticas públicas municipais e provinciais, a cal pertence a Deputación de Pontevedra desde o ano 2020.

A REDODS ten como obxectivos promover o coñecemento, sensibilización e implantación dos ODS da Axenda 2030 nas entidades locais españolas, mediante o fortalecemento institucional e a implicación dos diferentes actores locais, fortalecer e lexitimar o papel estratéxico que xogan as autoridades locais no desenvolvemento da Axenda 2030 en España para conseguir a mellor incidencia política, promovendo o traballo en rede e a procura de alianzas que impulsen políticas de cohesión a nivel local e unha adecuada articulación multinivel (central, autonómica

e local) e multiactor para a construción e implementación da Axenda 2030 a nivel local, actuar como foro de intercambio e experiencias entre os gobernos locais que integran a Rede, ofrecer servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros, formación de técnicos e a mutua cooperación entre as autoridades das entidades locais na localización dos ODS da Axenda 2030 en España, e traballar cos gobernos locais liñas de actuación concretas tras a crise provocada pola COVID-19 para dar unha resposta no territorio aliñada coa Axenda 2030.



## Programas

- **Plan Campos de fútbol (marzo-novembro 2020)**

A través do Plan de Campos de Fútbol búscanse dous fins primordiais, conquistar unhas mellores condicións físicas das mantas tanto artificiais como naturais para a práctica deportiva e aumentar a vida útil das mesmas.

Porén, a Deputación de Pontevedra pon a disposición dos concellos maquinaria e persoal necesarios para a realización dos traballos mencionados.



- **Sicom (Aplicación informática resultante do proxecto LIFE Viñas Atlánticas)**

Mantemento da aplicación de uso para os viticultores co fin de reducir o uso de fitosanitarios no tratamento da vide.



## Sistema de xestión ambiental

A Deputación de Pontevedra converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción do Goberno para tentar conseguir e aplicar un modelo de provincia máis sostible e así facerlles fronte a grandes retos globais coma o cambio climático, a contaminación etc.

Desde o Goberno desta institución impulsouse a implantación dun sistema de xestión ambiental no Pazo provincial de acordo cos requisitos establecidos na norma UNE-EN ISO 14001:2015, o que demostra o compromiso da Deputación de Pontevedra coa mellora continua do comportamento ambiental, e o seu compromiso co cumprimento dos seguintes principios:

- Garantir o cumprimento dos requisitos legais, e outros requisitos que a institución subscriba, que afectan á xestión ambiental
- Sensibilizar e formar permanentemente as persoas, motivándoas para que se sumen a este desafío imparabile no que todas e todos somos necesarios
- Protexer o medio ambiente:
  - Minimizando os impactos ambientais dos nosos servizos:
    - Un uso sostible dos recursos
    - A redución das emisións atmosféricas
    - A segregación en orixe dos residuos xerados
  - Comprometéndose coa prevención da contaminación
- Establecer obxectivos e accións de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos

Precisamente de cara á sensibilización en materia medioambiental decidiuse elaborar unhas guías de boas prácticas, non só buscando a implicación e colaboración do persoal, senón de todas aquelas entidades, empresas etc. que colaboren coa Deputación de Pontevedra, ás que se lles fará chegar unha guía adaptada ao seu sector. Nelas pódense atopar prácticas ambientais sinxelas e útiles que temos que adoptar de cara a reducir o impacto ambiental das nosas actividades.

A Deputación de Pontevedra obtivo en xullo do ano 2020 o Certificado de Xestión Ambiental, outorgado por AENOR, sendo así a primeira institución provincial de Galicia en conseguilo e unha das poucas do Estado.



## Outras actuacións

### - Apoio económico as actividades da Semana Verde de Galicia (2020)

Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución fundamental para a provincia de Pontevedra, e que conta entre os seus fins fundacionais o de contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego a través de actividades feirais e mercados agropecuarios, promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar a mellora continua dos devanditos sectores, reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral e impulsar e promocionar o Recinto Feiral de Galicia en Silleda como enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.



### - Repoboación da finca do Castelo de Sobroso (novembro 2020-marzo de 2021)

Na zona intermedia e alta da parcela da finca do Castelo de Sobroso, aproximadamente 15 hectáreas, realizáronse inicialmente labores de desbroce, limpeza da parcela, corta, retirada de madeira, retirada de restos de elementos da corta e astillado da mesma.

Coa finalidade de continuar co acondicionamento do espazo levouse a cabo unha reforestación con arbores de especies frondosas como castiñeiros, sobreiras e carballos do país.

